

**REUNIÓN DA COMISIÓN 2ª,
ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS
PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E
SERVIZOS**

Día: 23.04.2019 Hora: 10:30

A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 23 de abril de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

Punto 1. Preguntas

- 1.1 43364 (10/POC-006866)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos
Sobre os beneficios e o impacto que terían nos concellos da comarca de Ordes os parques eólicos de Solpor, Meirama, Legres, Monte Inxerio e Gasalla, promovidos polas empresas Naturgy, Capital Energy e Green Capital Power, S. L.
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 418, do 24.01.2019
- 1.2 43691 (10/POC-006946)
Grupo Parlamentario de En Marea
Sánchez García, Antón e 2 máis
Sobre os beneficios e o impacto que tería nos concellos da contorna a implantación do parque eólico das Sasdónigas, no concello de Mondoñedo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 419, do 25.01.2019
- 1.3 43852 (10/POC-007000)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Pierres López, María Luisa e 4 máis
Sobre as medidas específicas para a emancipación xuvenil e o acceso á vivenda das persoas novas postas en marcha polo Goberno galego durante a X lexislatura, os seus resultados e os datos desagregados das persoas de ata 35 anos inscritas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda de Galicia, así como a opinión da Xunta de Galicia respecto da necesidade de reforzar as medidas reflectidas no Plan estatal de vivenda con medidas específicas de apoio á emancipación e acceso á vivenda das persoas novas galegas
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 419, do 25.01.2019
- 1.4 46366 (10/POC-007399)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis
Sobre a opinión do Goberno galego respecto das condicións de seguridade viaria existentes na estrada PO-192, na parroquia de Bamio
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 435, do 21.02.2019

- 1.5 48089 (10/POC-007643)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre a información do Goberno galego respecto do reinicio da actividade mineira na canteira de Casalonga, no concello de Teo, e da dispoñibilidade polo novo titular da concesión das preceptivas autorizacións, e a súa opinión respecto da execución dun plan de restauración ambiental
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 455, do 03.04.2019
- 1.6 48878 (10/POC-007751)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Prado, Martín e 6 máis
Sobre o impacto da modificación do Regulamento da Lei de costas que está a tramitar o Goberno central para as empresas e equipamentos situados no dominio público marítimo-terrestre na Comunidade Autónoma de Galicia, así como as medidas que está a adoptar o Goberno galego ao respecto. (Procedemento de urxencia)

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 39301 (10/PNC-003154)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis
Sobre a execución pola Xunta de Galicia, durante a X lexislatura, das obras de mellora pendentes na estrada OU-533, A Gudiña-A Rúa, en especial a construción dun terceiro carril en diferentes tramos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 378, do 31.10.2018
- 2.2 47376 (10/PNC-003831)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Blanco Paradelo, Moisés e 7 máis
Sobre a realización pola Xunta de Galicia dun estudo da mellora do trazado e das prestacións básicas da estrada OU-533 co fin de comunicar a futura autovía A-76 desde Valdeorras coa autovía A-52, no concello da Gudiña
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 444, do 13.03.2019

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

(Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 11 de abril de 2019

Jaime Castiñeira Broz

Presidente da Comisión

(Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

RELACIÓN DE MEMBROS DE COMISIÓN 2ª, ORDENACIÓN TERRITORIAL, OBRAS PÚBLICAS, MEDIO AMBIENTE E SERVIZOS

POR ORDE ALFABÉTICA

Mesa

Presidente	
Jaime Castiñeira Broz	P
Vicepresidenta	
Marta Nóvoa Iglesias	P
Secretario	
Antón Sánchez García	EM

Vogais

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Marcos Cal Ogando	EM
Martín Fernández Prado	P
Jacobo Moreira Ferro	P
María Luisa Pierres López	S
María Julia Rodríguez Barreira	P
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 23.04.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 23.04.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.1 43364(10/POC-006866)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre os beneficios e o impacto que terían nos concellos da comarca de Ordes os parques eólicos de Solpor, Meirama, Legres, Monte Inxerio e Gasalla, promovidos polas empresas Naturgy, Capital Energy e Green Capital Power, S. L.

Publicación da iniciativa, 418, 24.01.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2019 13:26:27
Nº Rexistro: 43364
Data envío: 14/01/2019 13:26:27.397



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García e Marcos Cal Ogando, deputados do Grupo Parlamentar de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 2.ª**.

As empresas Naturgy, Capital Energy e un conglomerado empresarial con matriz en Arbia Saudí, teñen presentado a solicitude para a tramitación dos parques eólicos de Solpor, Meirama e Legres, que afectarían en Cerceda, Ordes, Frades e Mesía.

Reunirían un conxunto de 33 muiños.

A ésto súmaselle a tramitación doutros dous parques nesta mesma zona a iniciativa de Green Capital Power S. L., que proxecta construír dous parques eólicos na comarca de Ordes, o de GASALLA e o do MONTE INXERIO.

O parque eólico de Gasalla situaríase nos concellos de Frades e Mesía, afectando ao solo agrario dunha importante zona de produción leiteira. O lugar xa padece na actualidade a presión dos proxectos mineiros da empresa Erimsa, moi prexudiciais para as explotacións do lugar.

O parque do Monte Inxerio estará situado nos concellos de Ordes e Cerceda, preto do vertedoiro da Areosa, da planta de Gesuga, da liña do AVE e da central térmica de Meirama. Non fai falta subliñar os impactos que todas estas instalacións teñen para a natureza e a paisaxe.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2019 13:26:27
Nº Rexistro: 43364
Data envío: 14/01/2019 13:26:27.397



A instalación destes 51 muíños nun radio moi pequeno, implicaría na realidade a construción dun megaparque e, polo tanto, cuns efectos conxuntos sobre a paisaxe, a natureza, o solo agrario e a xente, polo que deben de estudarse tamén conxuntamente.

A construción dos parques eólicos na comarca de Ordes tería consecuencias negativas para a contorna e para a economía.

Os xeradores de 150 metros provocarían un impacto visual moi negativo na paisaxe, prexudicando a experiencia do Camiño Inglés e dos seus fitos patrimoniais (castros, igrexas, mámoas, cruceiros...). Danarían, polo tanto, ao sector turístico dos concellos da zona.

Ocuparían hectáreas de terra agraria nunha comarca eminentemente agraria.

Os parques eólicos da comarca de Ordes serían un negocio ben rendible para a empresa promotora, pero unha carga nociva para a veciñanza, o medio ambiente e a economía local.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en Comisión:

- 1) Cales son os beneficios no ámbito social, territorial e laboral que terían os parques eólicos nos concellos da comarca de Ordes?
- 2) Que impactos terían nos terreos? E na gandería? E na contorna natural? E no patrimonio do Camiño?





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/01/2019 13:26:27
Nº Rexistro: 43364
Data envío: 14/01/2019 13:26:27.397



3) Considera que o modelo de desenvolvemento eólico polo que opta a Xunta de Galicia é o máis beneficioso para galegos e galegas?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2019.

Asdo.: Antón Sánchez García

Marcos Cal Ogando

Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 14/01/2019 13:23:47

Marcos Cal Ogando na data 14/01/2019 13:23:53

CSV REXISTRO-XPBVLXOZ-4
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 23.04.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.2 43691(10/POC-006946)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e 2 máis

Sobre os beneficios e o impacto que tería nos concellos da
contorna a implantación do parque eólico das Sasdónigas, no
concello de Mondoñedo

Publicación da iniciativa, 419, 25.01.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2019 11:03:36
Nº Rexistro: 43691
Data envío: 16/01/2019 11:03:36.496



Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, Marcos Cal Ogando e Francisco Casal Vidal, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral na **Comisión 2.^a**

O Concello de Mondoñedo está promovendo que o grupo empresarial Norvento implante un parque eólico que afectará ás zonas de Cesuras, Sasdónigas e San Vicente. O parque tería un inmenso impacto medioambiental e paisaxístico nunha zona atravesada polo Camiño de Santiago a cambio dunhas míseras migallas que, en ningún caso, compensarían os danos causados.

Entre os prexuízos á contorna que tería o parque eólico, compre subliñar o impacto negativo nunha zona de demostrado interese arqueolóxico. Na zona onde pretenden levantarse os aeroxeneradores, apareceu fai ben pouco unha moeda de bronce de orixe romana, seguramente do século I despois de Cristo, e un cravo cuxa orixe aínda no foi precisada. O terreo onde apareceron forma parte dun campamento romano cun perímetro rectangular, característico dos recintos militares. O descubrimento foi recollido no Plan Xeral de Ordenación Municipal de Mondoñedo.

Con esta información sobre a mesa, enténdese que a veciñanza de Mondoñedo leve semanas manifestándose e pronunciándose abertamente en contra do parque eólico.

Como xa defendemos noutras ocasións, a día de hoxe habería que ter unhas directrices que permitisen unha avaliación integral e unha maior participación local de institucións e da cidadanía para a definición deste tipo de proxectos.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2019 11:03:36
Nº Rexistro: 43691
Data envío: 16/01/2019 11:03:36.496



Parece ser que o Partido Popular e este goberno non opinan o mesmo, xa que, lonxe de propor medidas neste senso, o que propón é máis liberalización do sector.

O desenvolvemento do sector eólico en Galiza debería partir dunha actualización dos postulados nos que se cimentou nos últimos 20 anos, e basearse nunha planificación racional, sustentable, que teña moi en conta, de xeito integral, aspectos paisaxísticos, ambientais e de retorno social.

Dentro deste último aspecto cumpriría revisar a sistemática aprobación en proxectos similares da declaración de utilidade pública posto que, fundamentalmente, hoxe en día trátase dun negocio privado dunhas poucas empresas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes presentan as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión.

- Cales son os beneficios no ámbito social, territorial e laboral que tería o parque eólico de Sasdónigas nos concellos da contorna?
- Que impactos tería o parque nos terreos? E na gandería? E na natureza do lugar? E no patrimonio do Camiño?
- A Xunta de Galicia considera que a exigua creación de postos de traballo compensaría os danos que causaría o parque eólico?
- En xeral, considera o Goberno galego que o modelo de desenvolvemento eólico de Galicia favorece á dinamización económica das zonas onde se implantan parques? Que datos manexa ao respecto? Como foron recollidos?

Santiago de Compostela, 16 de xaneiro de 2019.





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2019 11:03:36
Nº Rexistro: 43691
Data envío: 16/01/2019 11:03:36.496



Asdo.: Antón Sánchez García
Marcos Cal Ogando
Francisco Casal Vidal
Deputados do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Antón Sánchez García na data 16/01/2019 10:16:17

Marcos Cal Ogando na data 16/01/2019 10:16:25

Francisco Casal Vidal na data 16/01/2019 10:16:34



CSV REXISTRO-VVcz1Nw9-9

Verificado

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 23.04.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.3 43852(10/POC-007000)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pierres López, María Luisa e 4 máis

Sobre as medidas específicas para a emancipación xuvenil e o acceso á vivenda das persoas novas postas en marcha polo Goberno galego durante a X lexislatura, os seus resultados e os datos desagregados das persoas de ata 35 anos inscritas no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda de Galicia, así como a opinión da Xunta de Galicia respecto da necesidade de reforzar as medidas reflectidas no Plan estatal de vivenda con medidas específicas de apoio á emancipación e acceso á vivenda das persoas novas galegas

Publicación da iniciativa, 419, 25.01.2019



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2019 17:41:18
Nº Rexistro: 43852
Data envío: 16/01/2019 17:41:18.156

Á Mesa do Parlamento

María Luisa Pierres López, Noela Blanco Rodríguez, Julio Torrado Quintela, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A mocidade galega, de entre 16 e 35 anos, ten atopado na vivenda unha das súas principais batallas.

A emancipación en solitario, cunha única fonte de ingresos, é pouco probable por debaixo dos 30 anos. Tan só o 19 por cento o conseguiu a finais de 2017 (a primeiros do 2013 eran o 21,9 por cento), segundo os últimos datos do Observatorio de Emancipación do Consello da Xuventude de España (CJE). Eurostat o ratifica: a idade media á que se abandona a casa familiar (29,3 anos) é a sexta máis alta en Europa.

Isto é así porque a porcentaxe de ingresos que os menores de 30 anos deben destinar para acceder a unha vivenda supera o 30 por cento recomendable. No caso das persoas asalariadas en solitario é sanguento: o aluguer cómese un 88,8 por cento dos seus ingresos e a compra un 61 por cento.

O actual Plan de vivenda 2018-2021 prevé dous tipos de axudas, tanto para o aluguer como para a compra de menores de 35 anos. Nun caso a axuda ascende a un máximo de 10.800 € para a compra de vivenda, ou axudas de ata o 50 por cento da renda para o alugueiro.

Este tipo de axudas, que no caso de compra, está restrinxida a vivendas en concellos con menos de 5.000 habitantes, non chegan a todos ou todas as mozas e non teñen en conta que estes residen e queren residir onde existen os mellores servizos, comunicacións e oportunidades de traballo, algo que dificilmente acontece no rural galego.

A incapacidade económica tanto para alugar ou comprar vivenda nas grandes vilas galegas, é especialmente complicada para todos e todas as mozas. A finais do primeiro semestre de 2017 se constataba que, para alugar, unha persoa moza debería dedicar o 85 por cento do seu salario para poder emanciparse. Algo que é totalmente inasumible e ao que contribúe, entre outras cuestións, ó



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

empobrecemento deste sector da poboación, así como ó retraso na súa independencia, paternidade, maternidade, e polo tanto ó avellentamento da poboación.

Dentro da Consellería de Política Social e do programa Emancipación Xuvenil, o que pretende ser unha axuda para dirixir ós e ás mozas no seu proceso de emancipación, tense reducido dende case ano e medio, a unha simple pantalla na que a única ligazón vixente en materia de vivenda fai referencia ó Plan de vivenda estatal 2018-2021.

A realidade é que non parece ter moito sentido que un Plan específico da Xunta de Galicia se reduza a ser a simple antesala doutro plan estatal, sen aportar as especificidades da nosa comunidade no proceso de busca de vivenda.

Desde o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que é preciso dirixir dun mellor modo a posibilidade de emancipación dos e das mozas galegas, e asegurando especialmente o seu acceso á vivenda, explorando todas as posibilidades que permitan adaptarse as necesidades deste colectivo, desde a súa etapa de formación. Só a información ben recibida pode facilitar o coñecemento real dos dereitos e con elo a capacidade de exercelos.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales son as medidas específicas para a emancipación xuvenil e acceso á vivenda coas que conta este goberno e postas en marcha durante esta lexislatura?
2. Con que resultados?
3. Do Rexistro Único de Demandantes de Galicia, cal é o dato desagregado de persoas mozas de ata 35 anos?
4. Cantos son homes e cantas mulleres?
5. Considera este Goberno necesario reforzar as medidas contempladas no Plan estatal de vivenda para axudas ó alugueiro con medidas específicas de apoio á emancipación dos e das mozas que permitan o acceso á vivenda de todas as persoas moza galegas?
6. Comparte a idea de que é preciso apostar por novas fórmulas de acceso á vivenda e en especial daquelas que teñan en conta a temporalidade, inestabilidade laboral, e mobilidade que caracterizan os arrendatarios mozos?



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 16/01/2019 17:41:18
Nº Rexistro: 43852
Data envío: 16/01/2019 17:41:18.156

7. Dado que cada día son menos os mozos na nosa comunidade, e moitas máis as persoas maiores, ¿contempla este goberno o impulso a modelos de convivencia interxeneracional, en réxime de alugueiro, que permita a convivencia de ámbolos dous colectivos?

Pazo do Parlamento, 16 de xaneiro de 2019

Asdo.: María Luisa Pierres López
Noela Blanco Rodríguez
Julio Torrado Quintela
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Luisa Pierres López na data 16/01/2019 17:35:57

Noela Blanco Rodríguez na data 16/01/2019 17:36:02

Julio Torrado Quintela na data 16/01/2019 17:36:07

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 16/01/2019 17:36:12

Patricia Vilán Lorenzo na data 16/01/2019 17:36:18



Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 23.04.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.4 46366(10/POC-007399)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e 5 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das condicións de
seguridade viaria existentes na estrada PO-192, na parroquia
de Bamio

Publicación da iniciativa, 435, 21.02.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 18:27:02
Nº Rexistro: 46366
Data envío: 14/02/2019 18:27:02,994

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa as medidas a tomar para garantir a seguridade viaria @s veciñ@s de Bamio na PO- 192.

Dende o BNG levamos anos demandando o illamento e abandono no que a Xunta de Galiza ten á parroquia de Bamio. As veciñas e veciños levan anos denunciando esta situación sen obter ningún resultado máis que o intento de lavado de cara da estrada, no mellor dos casos. En pleno 2019 son moitas as persoas que poñen en risco a súa vida por algo tan simple como querer saír camiñando desta parroquia.

O proxecto que no 2008 , segundo a Xunta de Galiza contemplaba unha calzada de dobre sentido de 6,5 metros de ancho, aparcamentos de 2 metros onde fóra posible e beirarrúas a cada lado cun ancho mínimo de 1,8 m rematadas en dez meses, así como medidas de seguridade como a sinalización ou as bandas para controlar a velocidade dos vehículos,; quedouse na construción de beirarrúas raquíticas sen rematar, falta de sinalización e medidas de seguridade, e pasos de peóns e semáforos pelexados polos veciños e veciñas e asumidos polo concello.

Tanto é así que ata o ano 2015 non se consegue que as beirarrúas cheguen ao parque empresarial de Bamio e que na actualidade sigan sen cubrir sequera os límites da parroquia por ambos lados, sendo máis significativo o problema, se cabe, na entrada-





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 14/02/2019 18:27:02

Nº Rexistro: 46366

Data envío: 14/02/2019 18:27:02.994

saída cara a Carril ou Vilagarcía. Neste tramo, ademais de non rematar coas beirarrúas atopámonos co engadido do perigo inminente que supón a conexión da PO-192 coa PO-548 e o enlace coa Variante Norte que une Bamio-Carril con Baión, sen ningún tipo de acceso peonil. A afluencia de vehículos desta zona increméntase ademais, pola presenza dunha gasoleneira.

A perigosidade é inminente non só para as veciñas e veciños de Bamio senón tamén para os doutras parroquias que acoden a diario ao cemiterio, illado tamén e desprovisto dun paso seguro para peóns. Do mesmo xeito, a presenza a escasos metros do ISM, fai que sexan moitas as persoas que a diario transitan por este lugar.

Se a isto lle engadimos o sistema deficitario de transporte público, do que por certo a Xunta ven de excluír á parroquia de Bamio nas melloras, negándolle a posibilidade de entrar na rede circular Carril-Vilaxoán-O Rial; fai que sexan moitas as persoas que se achegan camiñando a Carril para poder coller o autobús a Vilagarcía.

Son miles de vehículos os que circulan de xeito diario por estas vías e ducias de persoas que poñen en risco a súa vida para saír camiñando desta parroquia e o único que fixeron foi: vir botar un pseudoasfalto a finais de outubro que o único que mellorou foi o lanzamento de pedras ás beirarrúas, ás leiras e ás lunas dos coches; e dar unha licenza que tardou máis dun ano para colocar un par de semáforos e pintar un paso de peóns.

Dende o BNG temos claro de que lado estamos e non imos a consentir que se sigan despreciando ás veciñas e veciños do rural, e adoptaremos todas as medidas que estean na nosa man para garantir a seguridade das veciñanza e non ter que lamentar ningunha desgraza.



CSV REXISTRO: S0deF-V3m-3

Verificado

<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 14/02/2019 18:27:02
Nº Rexistro: 46366
Data envío: 14/02/2019 18:27:02.994

Por estas razóns formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en comisión:

Considera que @s veciños de Bamio teñen seguridade vial para transitar pola PO-192?

Santiago de Compostela, 14 de febreiro de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María Montserrat Prado Cores na data 14/02/2019 18:25:36

Ana Pontón Mondelo na data 14/02/2019 18:25:41

Xose Luis Rivas Cruz na data 14/02/2019 18:25:42

CSV REXISTRO S0d6FV3m-3
Verificado
<https://seecta.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 14/02/2019 18:27:02

Nº Rexistro: 46366

Data envío: 14/02/2019 18:27:02.994

Olalla Rodil Fernández na data 14/02/2019 18:25:44

Noa Presas Bergantiños na data 14/02/2019 18:25:45

Xosé Luis Bará Torres na data 14/02/2019 18:25:46

CSV REXISTRO S0d6FV3m-3
Validado
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 23.04.2019 Hora: 10:30

Orde do día

1.5 48089(10/POC-007643)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a información do Goberno galego respecto do reinicio da actividade mineira na canteira de Casalonga, no concello de Teo, e da dispoñibilidade polo novo titular da concesión das preceptivas autorizacións, e a súa opinión respecto da execución dun plan de restauración ambiental

Publicación da iniciativa, 455, 03.04.2019



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2019 13:58:50
Nº Rexistro: 48089
Data envío: 25/03/2019 13:58:50,329

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa ao reinicio da actividade na canteira da Casalonga.

Temos coñecemento da reanudación da actividade dentro da explotación da concesión Casalonga II, número 6966, sita no Concello de Teo (A Coruña), que como titular orixinario dos dereitos mineiros de explotación figuraba a empresa Camilo Carballal S.L. A concesión desta explotación vén de ser adquirida pola empresa Grupo TOYSAL, e polo tanto os dereitos mineiros de aproveitamento.

Nos últimos días nos terreos da concesión hai actividade con maquinaria pesada realizando tarefas de limpeza, movemento e amoreado de terra e áridos.

Dada a preocupación social existente na contorna, para unha área de mercado uso residencial, preocupa que o que foi esta explotación mineira, acabe realmente converténdose nun depósito de residuos de diferente tipo de materiais, en base a pretensión de realizar o plan obrigatorio de restauración ambiental da canteira, para acabar sendo un vertedoiro cun elevado impacto ambiental, de salubridade e potencialmente contaminante para a acuíferos da contorna, coma ten sucedido noutros casos semellantes.

Esta canteira atopase sen explotar e nun estado de inactividade e abandono dende hai anos. As condicións de planificación pola que se autorizou a súa explotación,

CSV: xqDZXYKs7
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramitas/csv/>





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 25/03/2019 13:58:50

Nº Rexistro: 48089

Data envío: 25/03/2019 13:58:50.329

incluída a avaliación ambiental, o plan de explotación e traballo, e o plan de restauración, xa nada tería que ver co momento actual na que se atopa o xacemento mineiro. Ademais de ter incumprido os prazos da restauración ambiental aprobada no seu día.

Dáse polo tanto un abandono consumado das condicións da canteira, feito propiciatorio, tras bastantes anos, dun proceso de recuperación natural e espontáneo do espazo. Especialmente na parte correspondente á fronte de explotación do monte, que agora posúe un grande oco totalmente inundado, sendo un espazo lacustre que experimentou unha recolonización natural de flora e fauna da zona con auga en circulación e oxixenada.

A reanudación da actividade da canteira, implicaría unha complexa actuación de baleirado da auga, de importante impacto ambiental que podería ter consecuencias severas e críticas sobre á propia bacía ou rede hidrográfica á que pertence.

O sentido das restauración ambientais das explotacións mineiras é devolver ditos espazos a unha situación ambiental en coherencia coas características xeomorfolóxicas e naturais dos territorios nas que se atopan, procurando acadar un resultado que respecte a integridade do lugar, e non sendo isto posible pois aportando as mellores ou máis lóxicas solucións de recuperación.

Recórdase que ao abeiro do Real *Decreto 975/2009, de 12 de xuño, sobre xestión dos residuos das industrias extractivas e de protección e rehabilitación do espazo afectado por actividades mineiras*, Artigo 7. “Revisión do plan de restauración”, este deberá revisarse cada cinco anos por parte da entidade explotadora e, no seu caso, modificarse de producirse cambios substanciais que afecten ao previsto nel, incluídos





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galicia
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2019 13:58:50
Nº Rexistro: 48089
Data envío: 25/03/2019 13:58:50.329

cambios no uso final do solo unha vez rematado o aproveitamento e que as posibles modificacións notificaranse á autoridade competente para a súa autorización.

Apreciase que a efectos do deseño da restauración ambiental da canteira, conforme ao disposto no artigo 13, “*Medidas previstas para a rehabilitación do espazo natural afectado pola investigación e explotación de recursos mineiros*”, e dado que agora existe unha lagoa naturalizada, debería considerarse coma a situación máis propicia de restauración, o facer valer a previsión normativa contida na letra b) deste artigo, dando por favorable a inundación do oco coma unha mellora ecolóxica xa existente, e en calquera planificación e autorización de restauración establecer tan só aquelas medidas para poder manter no tempo con garantías a protección desas augas e a súa biocenose.

Na outra parte da canteira, no treito inferior por debaixo da estrada, e en zonas do perímetro da lagoa, e tendo en conta a existencia de numerosos e suficientes depósitos propios de residuos mineiros, entullos e insumos desaproveitados da extracción, estes constituirían a mellor opción a efectos de ser usados na recuperación ambiental do espazo e do seu posterior revexetado, conforme ao disposto na letra a) do artigo 13. Existindo estes materiais na propia canteira, a posibilidade de autorizar un plan de restauración **a partir do recheo con residuos alleos non mineiros mediante a súa valorización** (lixo de diferente procedencia, neste caso inertes/construción), conforme á previsión do que dispón a letra c) do artigo 13, sería de dubidosa legalidade e entendemos que incumpriría outras disposicións normativas sectoriais. Concretamente vulneraríase o disposto no *Real Decreto 105/2008, de 1 de febreiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición*, no seu artigo 13, sobre a posibilidade de “*Utilización de residuos inertes en obras de restauración, acondicionamento ou recheo*” en espazos ambientais degradados, como operación de valorización, pois un dos requirimentos pra poder facelo, **o estipulado na**





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2019 13:58:50
Nº Rexistro: 48089
Data envío: 25/03/2019 13:58:50.329

letra c), non se cumpriría, xa que *constátase in situ* que existen residuos mineiros propios acumulados na canteira en cantidade suficiente coma para acometer un remodelado do perfil e cotas de altura, para o seu posterior revexetación, sen necesidade de ter que acudir a residuos de valorización de substitución.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:


-Existe constancia na Xunta de Galiza da reanudación da actividade mineira dentro desta concesión?

-Corresponde esta actividade con outras actuacións que puideran resultar non autorizadas?

-De tratarse dunha reactivación extractiva da canteira, conta o novo titular da concesión mineira con todas as autorizacións preceptivas e, entre elas, a presentación e validación por parte da Xunta de Galiza do “Plan Anual de Labores”, conforme ao disposto no artigo 34 da Lei 3/2008, de 23 maio de ordenación da minería de Galicia?

-De tratarse dunha reactivación extractiva da canteira, o novo titular da concesión mineira conta con todas as autorizacións preceptivas e, entre elas, se se fai necesario actualizar as cuestións referidas a actualización do Programa de Vixilancia Ambiental e o Plan de Restauración, en cumprimento das condicións impostas na Resolución de 12 marzo de 2001, da Delegación Provincial de A Coruña, pola que se fai pública a declaración de impacto ambiental desta concesión mineira?

-Considerase axeitado acometer un plan de restauración que contemple o uso mediante valorización de residuos, cando a propia canteira proporciona as condicións





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 25/03/2019 13:58:50
Nº Rexistro: 48089
Data envío: 25/03/2019 13:58:50.329

propicias para a restauración ambiental dese espazo degradado, mediante a existencia dunha lagoa naturalizada e a presenza de materiais propios suficientes para rexenerar.

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2019

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 25/03/2019 13:57:04

María Montserrat Prado Cores na data 25/03/2019 13:57:08

Ana Pontón Mondelo na data 25/03/2019 13:57:09

Xose Luis Rivas Cruz na data 25/03/2019 13:57:11





BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA

REXISTRO XERAL ENTRADA

Data asento: 25/03/2019 13:58:50

Nº Rexistro: 48089

Data envío: 25/03/2019 13:58:50.329



Olalla Rodil Fernández na data 25/03/2019 13:57:12

Noa Presas Bergantiños na data 25/03/2019 13:57:13

CSV: 0DZXYK57
Validación:
<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 23.04.2019

Hora: 10:30

Orde do día

1.6 48878(10/POC-007751)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Fernández Prado, Martín e 6 máis

Sobre o impacto da modificación do Regulamento da Lei de costas que está a tramitar o Goberno central para as empresas e equipamentos situados no dominio público marítimo-terrestre na Comunidade Autónoma de Galicia, así como as medidas que está a adoptar o Goberno galego ao respecto. (Procedemento de urxencia)

Publicación iniciativa vía urxencia, 458, 09.04.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2019 17:10:08
Nº Rexistro: 48878
Data envío: 08/04/2019 17:10:08.900

Á Mesa do Parlamento

Martin Fernández Prado, Gonzalo Trenor López, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Novoa López, Julia Rodríguez Barreira e Daniel Varela Suanzes-Carpegna deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto nos artigos 152, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Pública, Medio Ambiente e Servicios polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia:

A urxencia vén motivada polo impacto económico que pode ter a recente decisión do Goberno central de modificar de xeito urxente o regulamento da Lei de Costas para as empresas galegas que traballan en dominio público marítimo terrestre. Ademais, do perigo e inseguridade xurídica que supón esta decisión do Estado para estas concesións.

Nos últimos días tívose coñecemento de que o Goberno central está tramitando unha modificación urxente do Regulamento xeral de costas relativa aos prazos das concesións de ocupación do dominio público marítimo-terrestre. Un trámite que deixa en situación de perigo e inseguridade xurídica a empresas e equipamentos públicos de Galicia que na actualidade se sitúan esta zona.

Esta decisión do Goberno central parece ter como obxectivo intentar amparar e xustificar decisións como a tomada nas últimas semanas de allanarse nos procedementos abertos en relación á prórroga de Ence.

Pero o cambio do regulamento xeral de Costas non só afecta á pasteira situada en Lourizán, senón que pon en perigo a moitas outras empresas que operan na nosa comunidade, como son as conserveiras, industrias, e tamén a equipamentos públicos, como centros educativos e de saúde ou depuradoras. Unha medida que xeraría, ademais, importantes impactos económicos.

Ademais, segundo denunciou a pasada semana a Xunta, o Goberno central está tramitando esta modificación do Regulamento da Lei de Costas pola vía da urxencia, reducindo sen xustificación os trámites que permiten a todos os interesados intervir no procedemento.

CSM-REXISTROK9BTa14
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 08/04/2019 17:10:08
Nº Rexistro: 48878
Data envío: 08/04/2019 17:10:08.900

Polo exposto, e ante a situación de perigo e de inseguridade xurídica para as empresas que operan no dominio público marítimo terrestre e para os postos de traballo que dependen delas, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes **preguntas orais en Comisión polo trámite de urxencia:**

-Como afecta esta modificación do Regulamento da Lei de Costas ás empresas e equipamentos situados en dominio público marítimo terrestre na comunidade galega?

-Que medidas está tomando a Xunta ante esta situación?

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2019.

Asinado dixitalmente por:

Martín Fernández Prado na data 08/04/2019 17:05:43

Gonzalo Trenor López na data 08/04/2019 17:05:57

Jaime Castiñeira Broz na data 08/04/2019 17:06:08

Jacobo Moreira Ferro na data 08/04/2019 17:06:16

Marta Novoa Iglesias na data 08/04/2019 17:06:33

María Julia Rodríguez Barreira na data 08/04/2019 17:06:44

Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna na data 08/04/2019 17:07:01



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 23.04.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

**Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos**

Día: 23.04.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.1 39301(10/PNC-003154)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Blanco Rodríguez, Noela e 4 máis

Sobre a execución pola Xunta de Galicia, durante a X
lexislatura, das obras de mellora pendentes na estrada OU-
533, A Gudiña-A Rúa, en especial a construción dun terceiro
carril en diferentes tramos

Publicación da iniciativa, 378, 31.10.2018



Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa das súas deputadas e dos seus deputados **Noela Blanco Rodríguez, Raúl Fernández Fernández, Luís Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López e Patricia Vilán Lorenzo**, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei** para o seu debate en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Exposición de motivos

O oriente ourensá, Valdeorras, Trives e Viana está vertebrado e articulado pola OU-533 (A Gudiña-A Rúa), unha estrada pertencente a rede primaria básica da Administración autonómica que comeza na N-525 no concello da Gudiña, e remata no da Rúa na N-120 despois de algo máis de 50 quilómetros de percorrido.

Un eixo de mobilidade que entronca na actualidade coa principal autovía que percorre a provincia de Ourense, e que comunica coa Meseta, e no futuro inmediato permitirá achegar a moitos cidadáns e cidadás destes concellos ao tren de alta velocidade con parada na estación de ferrocarril Porta de Galicia na Gudiña.

A veciñanza desta comarca ourensá leva moitos anos reclamando melloras nesta estrada, co obxectivo de mellorar a mobilidade, reducindo os tempos de percorrido para os e as viaxeiros, incrementando a seguridade viaria nalgúns treitos do seu percorrido, pero que tamén é unha necesidade de comunicación e vertebración da mobilidade das persoas que utilizarán a alta velocidade para efectuar os desprazamentos dentro da nosa comunidade autónoma. Unha infraestrutura de comunicación cuxas melloras repercutirían tamén de maneira positiva no desenvolvemento económico e na competitividade facilitando que os nosos produtos melloren a súa posición nos mercados nacionais e internacionais.

Este eixo norte-sur da zona oriental da provincia de Ourense, que na actualidade é a única vía de conexión entre as comarcas de Valdeorras, O Bolo e Viana, así como único de acceso a Pena Trevinca; constitúe ademais o enlace de Portugal coa comarca de Valdeorras, favorecendo polo tanto a mobilidade por extensión da zona oriental do país luso e noroeste de León.



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2018 16:59
Nº Rexistro: 39301
Data envío: 23/10/2018 16:59:17.980

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Comisión:

O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a proceder durante esta lexislatura a executar as obras de mellora que restan por acometer no vial de comunicación OU-533 que vertebra os concellos da Rúa, Petín, Larouco, O Bolo, A Veiga, Viana do Bolo, Vilariño de Conso e A Gudiña, en especial a construción dun terceiro carril en diferentes tramos nos dous sentidos da estrada da Gudiña-A Rúa.

Pazo do Parlamento, 23 de outubro de 2018

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
Raúl Fernández Fernández
Luís Manuel Álvarez Martínez
María Luisa Pierres López
Patricia Vilán Lorenzo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asdo.: Xoaquín Fernández Leiceaga
Portavoz do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 23/10/2018 16:56:19

Raúl Fernández Fernández na data 23/10/2018 16:56:26

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 23/10/2018 16:56:31

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 23/10/2018 16:59
Nº Rexistro: 39301
Data envío: 23/10/2018 16:59:17.980

María Luisa Pierres López na data 23/10/2018 16:56:37

Patricia Vilán Lorenzo na data 23/10/2018 16:56:42

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 23/10/2018 16:56:47

Reunión da Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas,
Medio Ambiente e Servizos

Día: 23.04.2019

Hora: 10:30

Orde do día

2.2 47376(10/PNC-003831)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Blanco Paradelo, Moisés e 7 máis

Sobre a realización pola Xunta de Galicia dun estudo da mellora do trazado e das prestacións básicas da estrada OU-533 co fin de comunicar a futura autovía A-76 desde Valdeorras coa autovía A-52, no concello da Gudiña

Publicación da iniciativa, 444, 13.03.2019



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47376
Data envío: 06/03/2019 15:47:06.700

A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia** a través do seu **Portavoz** e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Moisés Blanco Paradelo, Martín Fernández Prado, Jaime Castiñeira Broz, Jacobo Moreira Ferro, Marta Nóvoa Iglesias, Mª Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trénor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate na Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios**.

Exposición de motivos

A estrada OU-533, pertencente a Rede Autonómica de Estradas de Galicia (RAEGA), catalogada como rede Primaria Básica, comunica as localidades da Rúa de Valdeorras (N-120) e A Gudiña (N-525).

Ao longo de 50,15 km debulla un trazado sinuoso que vai atravesando diferentes poboacións, destacando entre outras, Viana do Bolo, como un dos núcleos urbanos máis relevantes.

Estámonos a referir a unha infraestrutura que partindo da N-120, vertebra o oriente ourensán, unindo as comarcas de Valdeorras e as Terras do Bolo, favorecendo o acceso a Autovía A-52 desde a propia A Gudiña.

Polo que se pode dicir, que conta cun tráfico importante, destacando ademais a circulación dun bo número de vehículos pesados que transportan mercancías cara a outros puntos de España, a veciña Portugal ou a diferentes portos da península.

Co obxecto de que poida estar sempre nas mellores condicións de seguridade nos últimos anos ten sido obxecto de varias obras de mellora, de reforzo do firme e acondicionamento en todo o trazado, cuxo investimento ascendeu a 1,2 millóns de € tan só nos últimos tres anos.

De todos é sabido, que o pasado mes de setembro o Administrador de Infraestruturas Ferroviarias (ADIF) aprobou a licitación para a construción da nova estación "Porta de Galicia", na Gudiña. Cun orzamento de licitación de 4 millóns de euros e un prazo de execución de oito meses, inclúe tamén un enlace coa estrada OU-533.

Será a única nova terminal que se levantará para a chegada do AVE en Galicia. Unha actuación imprescindible que, sen lugar a dúbidas, terá unha forte repercusión na zona, proporcionando un servizo de conexión con Madrid a toda a comarca de Verín, a



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47376
Data envío: 06/03/2019 15:47:06.700

poboacións do norte de Portugal e por suposto, tamén á comarca de Valdeorras, que precisamente terá que acceder a través da OU-533.

Diferentes colectivos, así como concellos e asociacións de empresariais como AEVA (Asociación Empresarial de Valdeorras) teñen insistido na necesidade de que se melloren as prestacións do eixo que constitúe a estrada OU-533, valorando as posibilidades de mellora do seu trazado de tal modo que sirva de enlace de conexión entre a Autovía A-76 e a Autovía A-52, ao seu paso pola Gudiña.

Tendo en conta o anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a realizar un estudo de mellora do trazado e as prestacións da estrada OU-533, de modo que conte coas características axeitadas para comunicar, a través dunha renovada infraestrutura, a futura Autovía A-76 desde Valdeorras, coa Autovía A-52, no concello da Gudiña”.

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2019

Asinado dixitalmente por:

Pedro Puy Fraga na data 06/03/2019 15:42:27

Moisés Blanco Paradelo na data 06/03/2019 15:42:38

Martín Fernández Prado na data 06/03/2019 15:42:43

Jaime Castiñeira Broz na data 06/03/2019 15:42:52

Jacobo Moreira Ferro na data 06/03/2019 15:42:57

Marta Novoa Iglesias na data 06/03/2019 15:43:06

María Julia Rodríguez Barreira na data 06/03/2019 15:43:12

Gonzalo Trenor López na data 06/03/2019 15:43:22



Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/03/2019 16:30:00
Nº Rexistro: 47376
Data envío: 06/03/2019 15:47:06.700

Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 06/03/2019 15:43:29



CSV: 3F5GULV6XE8

Verificado

<https://seceda.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com